

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO  
CONCELLO PLENO O DÍA 29 DE MARZO DE 2007.-**

**ASISTENTES:**

**ALCALDE-PRESIDENTE:**

D. Gumersindo A. Rguez. Liz

**CONCELLEIROS:**

D. Manuel López López.  
D. José Rodríguez Pérez  
D. Francisco López Castaño  
D. Manuel Gay Fernández  
Dna. M<sup>a</sup> Jesús Gil Castro

**SECRETARIO-INTERVENTOR:**

D. Antonio Lorenzo Morandeira.

No salón de Sesións da Casa Consistorial de O Páramo (Lugo), sendo as 11,30 hrs. do día 29 de Marzo do ano 2.007, e baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. Gumersindo A. Rodríguez Liz, reúnese en 1<sup>a</sup> convocatoria o Pleno desta Corporación coa asistencia dos Sres. Concelleiros expresados á marxe.

Non asisten á sesión os Sres. concelleiros seguintes : Dna. Isabel García Toirán, D. Xosé López Gai e D. José Fernández López.

Da fe do acto o Secretario-Interventor titular da Corporación, D. Antonio Lorenzo Morandeira.

Aberta a sesión pola Presidencia, pásase a análise dos puntos incluídos na orde do día.

**1.- APROBACIÓN BORRADOR ACTA SESIÓN ANTERIOR.-**

Pola Presidencia sométese á aprobación do Pleno o Borrador da Acta da Sesión anterior celebrada o día 16 de Febreiro de 2.007

Ó non formularse reclamacións nin observacións á mesma , queda aprobada por unanimidade.

**2.-RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA: DAR CONTA.-**

En cumprimento do disposto na normativa vixente dase conta ó Pleno das seguintes resolucións adoptadas pola Alcaldía dende a última sesión ordinaria

celebrada:

- Resolución da Alcaldía nº 2/2007, do 23 de Xaneiro, pola que se presta aprobación, coa conseguinte autorización e disposición do gasto e recoñecemento de obrigas, a diversas facturas relativas á abastecemento de materiais con destino ó Obradoiro de Emprego " Ponte de Neira III".
- Resolución da Alcaldía nº 3/2007, do 16 de Febreiro, pola que á vista do escrito presentado e non formularse mais solicitudes ó respecto, se concede unha achega económica polo importe de 1.300,00 € á Asociación Cultural Peña G.V., en concepto de colaboración Municipal para sufraga-los gastos de celebración do Entroido 2.007.

### 3.- SOLICITUDE AXUDAS SERVIZOS SOCIAIS 2007: DAR CONTA.-

En cumprimento do disposto no artigo 10.1.1, da Orde da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, do 31 de Xaneiro de 2.007, pola que se regulan as bases polas que se rexerá a concesión de subvencións destinadas á prestación de servizos sociais polas Corporacións Locais e se procede a súa convocatoria (D.O.G. nº 27, do 7 de Febreiro de 2.007), dase conta ó Pleno da Corporación do seguinte acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local de data 22 de febreiro de 2.007.

" Dada conta da Orde da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar , do 31 de xaneiro de 2.007 ( D.O.G nº 27, do 7 de febreiro de 2.007 ).

Vistas, as distintas memorias de actuación individualizadas redactadas ó respecto polos servizos sociais do Concello e obrantes no expediente incoado, así como a Memoria e os Orzamentos detallados da obra e equipamentos a realizar en materia de investimentos de capital.

A Xunta de Goberno Local, previa deliberación e por unanimidade, acorda :

1º.- Solicitar á Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, ó abeiro da Orde do 31 de Xaneiro de 2.007, unha axuda económica por importe total de **80.452,56 euros** , destinada á financiación da prestación por este Concello de O Páramo para o ano 2.007 dos seguintes servizos e programas sociais :

- Mantemento	600,00
- Programa de Axuda no Fogar	22.315,50
- Programa de Emerxencia Social	2.704,56
- Programa de Xuntanzas e Excursións da 3ª Idade	11.250,00

- Investimento ( Equipamento e Mobiliario Centro Social).	10.972,50
- Investimento (Mobiliario Edificio Usos Múltiples).	2.610,00
- Investimento ( Obras " Reformado Edificio Usos Múltiples " ).	30.000,00

Solicitar asimesmo, ó abeiro da devandota Orde, e con cargo ás anualidades 2.008 e 2.009 as seguintes axudas económicas para a financiación das obras " Reformado Edificio de Usos Múltiples " : Anualidade 2.008 ( 30.000,00 € ) e Anualidade 2.009 ( 40.000,00 € ).

No suposto de prórroga, continuase na prestación dos servizos e programas nas mesmas condicións do ano anterior , co fin de garantiza-la non supresión dos referidos programas e servizos ó longo do ano.

2º.- Compromiso de consignar no Orzamento Municipal para o actual exercicio 2.007, as seguintes cantidades destinadas á prestación polo Concello de servizos sociais de atención primaria ( Mantemento e Investimento de Capital ) e de atención especializada por un importe total de **82. 579,42 euros**, desglosados do seguinte xeito :

- Mantemento	300,00
- Programa de Axuda no Fogar	23.100,40
- Programa de Emerxencia Social	901,52
- Programa de Xuntanzas e Excursións da 3ª Idade	3.750,00
- Investimento ( Equipamento e Mobiliario Centro Social).	3.657,50
- Investimento (Mobiliario Edificio Usos Múltiples ).	870,00
- Investimento ( Obras " Reformado Edificio Usos Múltiples" )	50.000,00

Compromiso de consignar inicialmente , e sen perxuicio dos reaxustes que sexan procedentes, nos Orzamentos Municipais do ano 2.008 e do ano 2.009, as cantidades restantes , non aportadas por ese Organismo , de 163.037,60 € e de 160.000,00 € respectivamente, para a financiación do Proxecto " Reformado Edificio de Usos Múltiples" , cun orzamento total de contrata de 473.037,60 €.

3º.- Dar conta ó Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre, ós efectos previstos no art. 10. párrafo 1.1. a) da Orde reguladora, e facultar ó Sr. Alcalde-Presidente para a realización dos trámites e xestións oportunos " .

Queda decatado o Pleno.

#### 4.- LIQUIDACIÓN ORZAMENTO MUNICIPAL EXERCICIO 2006: DAR CONTA.-

En cumprimento do disposto no artigo 193.4, do Real Decreto Legislativo 2/2.004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, dase conta ó Pleno da Corporación da Liquidación do Orzamento desta Entidade Local correspondente ó exercicio 2.006, aprobada por acordo da Xunta de Goberno Local de data 14 de marzo de 2.007, do seguinte tenor :

1º.- Prestar aprobación á Liquidación do Orzamento desta Entidade Local correspondente ó exercicio 2.006, nos seguintes termos :

- Dereitos recoñecidos netos	1.898.972,84
- Obrigas recoñecidas netas	1.841.039,19
- Resultado Orzamentario	57.933,65
- Créditos gastados con remanente para gastos xerais	18.000,00
- <b>Resultado Orzamentario Axustado</b>	<b>75.933,65</b>
- Dereitos Pendentes de Cobro en Fin de Exercicio	464.486,21
- Obrigas Pendentes de Pago en Fin de Exercicio	580.682,74
- Fondos Líquidos na Tesourería en Fin de Exercicio	139.352,15
- <b>Reamanente de Tesourería Total</b>	<b>23.155,62</b>
- Saldos de dudoso cobro.	0,00
- Exceso financiación afectada.	0,00
- Remanente de Tesourería para Gastos Xerais	23.155,62

2º.- Dar conta ó Pleno da Corporación do presente acordo na primeira sesión que se celebre e remitir copia da mesma, de conformidade co disposto na normativa vixente, á Administración do Estado e á Comunidade Autónoma.

3º.- Iniciar , de acordo co Informe de Secretaría-Intervención emitido, os trámites oportunos para deducir , do remanente de tesourería resultante sinalado, os dereitos pendentes de cobro de difícil ou imposible recadación , así como tamén para proceder á baixa daqueles dereitos e obrigas recoñecidos de exercicios pechados e das operacións non orzamentarias de Tesourería que procedan.

Queda decatado o Pleno

## 5.- APROBACIÓN REVISIÓN ANUAL PADRÓN HABITANTES

A continuación dase conta ó Pleno da normativa vixente contida no Regulamento

de Poboación e Demarcación Territorial das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 1.690/1.986, de 11 de Xullo, na redacción dada polo R.D. 2612/1.996, do 20 de decembro, e na Resolución de 17 de Novembro de 2.005, do Ministerio da Presidencia, pola que se dictan Instrucións Técnicas ós Concellos sobre a revisión anual do Padrón Municipal e sobre o procedemento de obtención da proposta de cifras oficiais de poboación.

Asímesmo dase conta dos datos relativos o resumo numérico xeral deste municipio correspondente á revisión das cifras de poboación a 1 de Xaneiro de 2.007 e que reflexa os seguintes datos:

Poboación Municipio ó 1 de Xaneiro de 2006:.....	1822 habitantes
Altas durante o ano 2006: .....	38     "
Baixas durante o ano 2006: .....	82     "
Poboación do Municipio ó 1 de Xaneiro de 2.007: .....	<b>1778</b> habitantes.

Á vista do anterior, o Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda prestarlle aprobación á revisión anual do Padrón Municipal de habitantes con data 1 de Xaneiro de 2.007 e a remisión deste acordo á Delegación Provincial de Estadística ós efectos oportunos.

## 6.- ROGOS E PREGUNTAS.-

### PREGUNTAS

- Dna. M<sup>a</sup> Jesús Gil Castro, voceira do grupo municipal do BNG, pregunta á Alcaldía polo estado de tramitación do PXOM, xa que nunha sesión anterior se falou de manter unha xuntanza cos técnicos redactores para explicar o seu contido.

O Sr. Alcalde contesta que unha vez entregado pola empresa adxudicataria o documento para a aprobación provisional, estase en contacto cos técnicos redactores para a corrección de diversas deficiencias atopadas no devandito documento, agardándose a celebración desa xuntanza explicativa, en vindeiras datas.

- Dna. M<sup>a</sup> Jesús Gil Castro, pregunta á Alcaldía polo estado do expediente para a construción no Municipio do polígono industrial previsto.

O Sr. Alcalde contesta que se está na fase de xestionar cos propietarios a adquisición por mutuo acordo dos terreos necesarios, toda vez que xa se dispón por parte da Deputación Provincial, que é o Organismo que o promove, do crédito orzamentario axeitado para este fin.

- Dna. M<sup>a</sup> Jesús Gil Castro, pregunta á Alcaldía pola situación do verquedoiro municipal de lixo e cando está previsto a súa clausura.

O Sr. Alcalde contesta que de momento estase á espera das previsións ó respecto por parte da Consellería de Medio Ambiente que é o Organismo competente. Unha vez se execute a clausura do mesmo e se leve o lixo á pranta de Sogama o custo do servizo será moito maior e terase que repercutilo ós veciños nos correspondentes recibos; outra cousa distinta é que a xestión actual do servizo pola emeprea adxudicataria do mesmo non é a mellor e haberá que adoptalas medidas oportunas.

Volver intervir Dna. M<sup>a</sup> Jesús Gil Castro e manifesta que é partidaria do peche do verquedoiro por razóns medioambientais, aínda que entende que se incremente o prezo do servizo; Mentres tanto, poderíase levar a cabo unha campaña de sensibilización entre os veciños para a mellora da recollida selectiva, con vistas o seu posterior tratamento.

En canto á xestión do actual servizo debería contemplarse a limpeza dos colectores de lixo.

- Dna. M<sup>a</sup> Jesús Gil Castro, pregunta á Alcaldía que zonas do Municipio se van abastecer coa captación de auga do río Sarria.

O Sr. Alcalde contesta que de acordo co proxecto presentado no seu día perante a Confederación Hidrográfica está previsto dar o servizo ó polígono industrial e ó sector Este do Municipio.

Por último a Voceira do B.N.G., e sendo éste o derradeiro pleno ordinario da lexislatura, quere manifestar a súa satisfacción por este período de 4 anos que agora remata e pola actuación en xeral da Corporación encanto á súa cordialidade e actuación democrática. Por outra parte agarda que na seguinte lexislatura as cousas se fagan doutro xeito en canto que se transmita mellor ós veciños a xestión municipal realizada.

O Sr. Alcalde agradece esta manifestación feita pola Voceira do BNG e neste clima de boa relación, e antes de rematar a sesión, quería saber si a concelleira do BNG ten coñecemento de cales son as obras que se van a executar pola Consellería do Medio Rural dentro do Plano de Infraestruturas Rurais.

A Concelleira sinala que, según se lle dixo na Consellería competente polos técnicos responsables, vanse asfaltar todas as pistas previstas e senón é así o

Concello ten todo o dereito a reclamar. De todos os xeitos a xestión correspondelle ó equipo de goberno.

O sr. Alcalde manifesta que , según os datos que hai no Concello, non é certo que se fagan todas as actuacións previstas e incluídas no Convenio asinado coa anterior Administración da Xunta, senón que se executan só 5 das 17 obras que se recollían no Proxecto redactado no seu día.

Volve a intervir a Concelleira do B.N.G. e manifesta que, en defensa da Consellería competente, as previsións da mesma van mais alá do rebacheo de camiños , xa que o que se pretende é realizar todas aquelas inversións que favorezcan o desenvolvemento dos labregos e gandeiros.

O sr. Alcalde, comprende a postura da concelleira de defensa do seu partido pero o certo é que non se executan todas as obras previstas e comprometidas anteriormente e agora o Concello deberá facer un novo esforzo económico e tratar de levalas a cabo con fondos municipais.

E non habendo máis asuntos que tratar no orde do día , pola Presidencia levántase a sesión, sendo as 13,35 horas do día ó principio indicado, de todo o cal eu o Secretario dou fe.